

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE MAIO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Anteproxecto de lei do Plan galego de estatística 2017-2021.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de varios treitos de estradas autonómicas e locais entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ordes.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e e o Concello de Ourense para levar a cabo as obras de reforma da pista anexa ao pavillón dos Remedios mediante a substitución do seu pavimento, a das bancadas telescópicas e a instalación dun sistema xeral de acondicionamento térmico que favoreza a mellora das condicións para a práctica deportiva, cun investimento de trescentos mil euros (300.000,00 €) IVE incluído.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación co programa de axudas para o fomento da contratación de persoal técnico para realizar de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (programa Principia).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que deriva da Orde de convocatoria de nove bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2016, 2017 e 2018, por un importe total de douscentos trece mil oitocentos corenta euros (213.840,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social a sinatura do Convenio de colaboración coa Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual (Special Olympics Galicia) para o mantemento e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, lecer, formativas e de promoción do voluntariado durante o ano 2016 e a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Importe: cento oitenta e nove mil novecentos corenta e seis euros (189.946,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual para a concesión de seiscentas sete libranzas de prestación de coidados no contorno familiar consonte as previsións establecidas pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, por un importe total de un millón seiscentos corenta e catro mil seiscentos corenta e un euros con trinta e oito céntimos (1.644.641,38 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga-2016).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Nacional de Criadores da Raza Rubia Galega (Acruga), para a realización dun programa de consolidación e diversificación xenética da raza rubia galega, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de seiscentos vinte mil euros (620.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga), para a conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zootenéticos da raza equina cabalo pura raza galega e o fomento e promoción dos seus produtos derivados, cofinanciado co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos sesenta e sete mil douscentos euros (267.200,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde), para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación *ex situ* dos recursos zootenéticos autóctonos das razas ovella galega, cabra galega e porco celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos oitenta mil euros (280.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA), para a conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zootenéticos das razas bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción, da ovella galega, da cabra galega, da galiña de Mos e dos seus produtos derivados, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de un millón douscentos corenta mil euros (1.240.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (Asoporcel), para a execución das actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina porco celta, cofinanciado co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de trescentos corenta mil euros (340.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego (APRCG), para continuar coa posta en valor das aptitudes do cabalo de pura raza galego PRG, en actividades deportivas, de exposición e lecer, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos corenta mil euros (240.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Orde de concesión de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre a Orde de concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan galego de atención ao ictus (Planictus).
- Informe do Programa galego para a detección precoz da hipoacusia neonatal.

O PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2017-2021 PERMITIRÁ AVANZAR NA TRANSPARENCIA, ACCESIBILIDADE E CALIDADE DA INFORMACIÓN

- *O Consello da Xunta aprobou o proxecto de lei que permitirá executar os cinco programas estatísticos dos vindeiros anos*
- *Reforzarase a colaboración cos sistemas estatísticos do Estado e a Unión Europea*

O novo Plan galego de estatística 2017-2021 afondará na consolidación do sistema estatístico de Galicia ao tempo que permitirá avanzar na transparencia, na accesibilidade e na calidade da información. Para acadar este obxectivo, o Instituto Galego de Estatística (IGE) e as consellerías e departamentos autonómicos coordinarán os seus esforzos para aumentar a calidade e visibilidade da estatística oficial.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei do novo Plan galego de estatística para o período 2017-2021, sobre cuxo anteproxecto xa foi emitido o informe favorable o Consello Galego de Estatística, tal e como prevé a Lei 9/1988 de estatística de Galicia. O texto será remitido agora á Cámara para a súa tramitación parlamentaria.

Na execución dos cinco programas anuais que desenvolverán este plan plurianual, reforzarase a colaboración cos sistemas estatísticos da Administración xeral do Estado e da Unión Europea, xa que isto tamén é imprescindible para garantir o uso eficiente dos recursos públicos e a comparabilidade da información elaborada por distintos organismos estatísticos.

O novo plan estatístico recolle obxectivos informativos, instrumentais e de calidade, así como a obriga de considerar a perspectiva de xénero na información estatística. Tamén se reforzan as actividades de análise para aumentar o valor da información dispoñible e a satisfacción das persoas e entidades usuarias.

O compromiso do Goberno galego co principio de calidade queda recollido expresamente no proxecto, no cal figuran obxectivos concretos sobre relevancia, precisión, fiabilidade, puntualidade ou accesibilidade. Todas e cada unha destas dimensións da calidade serán obxecto de seguimento e as persoas usuarias poderán coñecer os resultados acadados.

O plan asume ademais o código de conduta adoptado polo comité do Sistema estatístico europeo. Polo tanto, a organización estatística da Comunidade Autónoma de Galicia queda sometida aos seus principios e o Goberno autonómico a impulsalos e respectalos. A independencia profesional do persoal estatístico, a imparcialidade, a obxectividade e a transparencia son algúns deles.

Quinto plan estatístico

Xunto coas 101 metas xenéricas de información que se van satisfacer nos programas anuais, o plan inclúe 117 estatísticas concretas que se conseguiron consolidar nos plans precedentes e que se deberán executar. A maioría destas estatísticas concretas son novas con respecto ao plan anterior e abordan temas como as empresas TIC de Galicia, a poboación dependente, o desprazamento transnacional de persoas traballadoras, a estatística de emerxencias 112 ou a ocupación na pesca.

Este plan estatístico para o período 2017-2021 é o quinto plan plurianual que aproba a Xunta de Galicia. O primeiro plan destas características foi aprobado pola Administración galega en 1998 e tivo un período de catro anos, e agora dáselle unha vixencia de cinco anos en concordancia coa duración que emprega a Unión Europea.

A XUNTA APROBA O PRIMEIRO REGULAMENTO XERAL DE ESTRADAS PARA FACILITAR UNHA XESTIÓN DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS ADAPTADA Á REALIDADE TERRITORIAL GALEGA

- *O novo texto permite unha xestión da rede viaria máis axustada á nosa configuración territorial e ás súas funcións de vertebración do territorio e soporte do sistema de transporte*
- *O regulamento recolle expresamente a posibilidade de rebaixar ou eliminar as peaxes que aboan os usuarios nas vías autonómicas onde hoxe en día existen*
- *Racionalízase e flexibilízase o uso dos terreos lindeiros mediante unha regulación adaptada á realidade territorial galega, que compatibiliza a protección e a explotación da estrada coa actividade económica*
- *O regulamento establece unha maior transparencia, especialmente polo aumento dos proxectos sometidos ao trámite de información pública e a aplicación da normativa será máis sinxela*
- *Esta normativa promove unha mellor coordinación entre administracións, fomentando os intercambios de información e establecendo pautas para a resolución de conflitos entre elas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto do Regulamento xeral de estradas de Galicia. Dótase a Comunidade Autónoma do máis completo marco normativo en materia de infraestruturas viarias, e déixase de aplicar, tras a súa entrada en vigor, o regulamento do Estado. Galicia dótase así dun instrumento que garante unha xestión das infraestruturas viarias acorde coa realidade territorial galega e achega maior seguridade xurídica aos cidadáns.

O regulamento recolle expresamente a posibilidade de rebaixar ou eliminar as peaxes que aboan os usuarios nas vías autonómicas onde hoxe en día existen.

Esta normativa, xunto coa Lei 8/2013, de estradas, proporciónalle á Comunidade unsólido corpo normativo propio, adaptado á realidade galega, para unha mellor xestión das redes de estradas de titularidade de Galicia e das entidades locais galegas.

O texto que se aproba atende á totalidade das once observacións relacionadas no ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia e a 71 das 74 observacións de mellora propostas nel.

Con estas normas conseguírase o reforzo das garantías xurídicas para a cidadanía, mediante o establecemento de criterios obxectivos e de procedementos regrados con especial atención ao fomento da súa transparencia.

Así mesmo, coordinarase conxuntamente o funcionamento das diferentes administracións titulares e a súa xestión estará máis adaptada á realidade territorial galega e ás súas funcións de vertebración do territorio e soporte do sistema de transporte.

O Executivo autonómico incrementa deste xeito a atención ás estradas, elementos importantes para a calidade de vida da cidadanía, así como para o desenvolvemento económico e social. Considérase necesario que Galicia conte con instrumentos normativos que lle permitan xestionar as redes de estradas de titularidade autonómica e local, tendo en conta as súas peculiaridades. A normativa céntrase en tres obxectivos fundamentais:

- ✓ Atender ás singularidades de Galicia, como a dispersión e abundancia de núcleos de poboación, existencia de núcleos rurais, presenza dunha gran cantidade de travesías, núcleos de poboación e edificacións illadas nas marxes das estradas e gran densidade das diferentes redes de estradas e camiños públicos, entre outros.
- ✓ Outorgar ás administracións unha ferramenta normativa que asegure a adecuada xestión e protección do dominio público viario.
- ✓ Salvagardar o interese da cidadanía nas súas relacións coa Administración. Contarase cunha regulación o máis detallada posible dos supostos e dos procedementos e delimitará a necesaria marxe para a actuación de carácter discrecional con que a Administración debe actuar en moitas destas ocasións.

O proxecto de Regulamento de estradas de Galicia desenvolve a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Este corpo normativo, considerado conxuntamente, introduce importantes novidades como as seguintes:

- Achegar maior seguridade xurídica e claridade ao cidadán. Detállanse mellor os procedementos e establécese a obriga dunha maior transparencia, especialmente polo aumento dos proxectos que deberán ser sometidos ao trámite de información pública. Ademais, simplifícanse os trámites de modo que sexa máis sinxela a aplicación da normativa.
- Racionalizar e flexibilizar o uso dos terreos lindeiros, cunha regulación adaptada á realidade territorial galega e que permite compatibilizar mellor a protección e explotación da estrada coa actividade económica. É especialmente relevante o novo tratamento, máis preciso pero tamén máis flexible, das zonas de protección do dominio público viario.

- Establecer mecanismos para unha mellor consideración da cidadanía afectada polas expropiacións para a execución de obras, de modo que se habilita unha fórmula para que o propietario ou propietaria conserve os dereitos urbanísticos e se eviten problemas na reposición de bens afectados permitindo que sexa a Administración a que o realice.
- Promover unha mellor coordinación entre administracións, fomentando os intercambios de información e establecendo pautas para resolución de conflitos entre elas.
- Contribuír a unha mellor ordenación do territorio, xerarquizando as estradas segundo a función que desempeñen unindo os núcleos de poboación e vertebrando a Comunidade Autónoma

Por outra banda, a estrutura do proxecto de Regulamento xeral de Estradas de Galicia é similar á Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, aínda que cunha división en capítulos, seccións e subseccións máis detallada en todos os seus títulos. O proxecto de regulamento estrutúrase en 5 títulos, con 210 artigos, 2 disposicións adicionais, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras.

A XUNTA ASUME A TITULARIDADE DA ESTRADA ORDES–CERCEDA, AO SEU PASO POR MERCURÍN, PARA EXECUTAR ACTUACIÓNS DE MELLORA POR IMPORTE DE 2 MILLÓNS DE EUROS

- *A Axencia Galega de Infraestruturas licitará este ano obras para acondicionar esta estrada, que ten 8,2 quilómetros e constitúe o principal acceso a Sogama*
- *O Goberno galego tamén asumirá as competencias de dúas estradas municipais, que serven de variante ao núcleo urbano de Ordes: a que comunica a N-550 coa glorieta da AC-524 e a que se inicia nesta última e finaliza na N-550*
- *A Xunta transfíre ao Concello vías autonómicas que discorren por solo urbano como a AC-147 (AC-524–Ordes–AC-524; ou a AC-524 (Ordes-Lanzá)*
- *A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación dos cambios de titularidade no Diario Oficial de Galicia*
- *Corresponderanlle ao Concello de Ordes e a Xunta de Galicia, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade de varios treitos de estradas autonómicas e locais entre o Goberno galego e o Concello de Ordes. A Xunta de Galicia asume a titularidade da estrada local que comunica Ordes e Cerceda, que pasa por Mercurín, para executar actuacións de mellora. Trátase dunha vía de 8,28 km que constitúe o principal acceso a Sogama.

O Goberno galego levará a cabo actuacións de mellora nesta estrada. As obras, que serán licitadas pola Axencia Galega de Infraestruturas neste ano, en canto se formalicen os cambios de titularidade e se aprobe o proxecto construtivo, disporán dun orzamento que superará os 2 millóns de euros.

Ao abeiro das previsións legais, os servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas emitan informe favorable sobre o dito cambio de titularidade e propoñen outros cambios de titularidade de vías entre as dúas administracións, que foron aceptados pola Administración local e que veñen a racionalizar a rede viaria de modo coherente co seu uso.

Por unha parte, o Concello traspasa á Xunta dúas estradas de titularidade municipal que serven de variante ao núcleo urbano de Ordes: a que comunica a N-550 coa glorieta da AC-524 situada no seu p.q. 0+480; e a estrada que se inicia na mesma AC-524 e finaliza na N-550, atravesando o polígono industrial.



Por outra parte, a Xunta transfíre ao Concello vías que actualmente pertencen ao Goberno galego, pero que discorren por solo urbano e rexistran un tráfico maioritariamente local, polo que é mais apropiado que pertenczan á Administración

local. Trátase da estrada AC-147 (AC-524–Ordes–AC-524) cunha lonxitude de 0,91 km, que atravesa solo urbano e rexistra un tráfico local. Tamén se recolle a AC-524 (Ordes-Lanzá) desde o punto quilométrico 0 (N-550) ao 0+280 (intersección coa AC-417), que tamén atravesa solo urbano; nove treitos antigos da AC-413 (Ordes (DP-5903)–Carballo (DP-1905), que suman 2,45 km; e cinco treitos antigos da AC-524 (Ordes-Lanzá).

Cómpre lembrar que o Concello de Ordes e a Axencia Galega de Infraestruturas asinaron o 27 de abril de 2016 un acordo para o cambio de titularidade dos treitos de estradas autonómicas e locais relacionados.

De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello de Ordes e a Xunta de Galicia, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.



A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA O INVESTIMENTO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE NO PAVILLÓN DOS REMEDIOS EN OURENSE

- *Logo desta autorización, a Secretaría Xeral para o Deporte asinará co Concello de Ourense o convenio de colaboración oportuno e que permitirá un investimento total no pavillón de 300.000 euros*
- *Esta actuación segue a recentemente tamén autorizada pola Xunta de Galicia para a construción por parte da Secretaría Xeral para o Deporte dunha pista de atletismo hidráulica cuberta en Expourense*

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia autorizou a subscrición a celebración dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Ourense para levar a cabo as obras de reforma da pista anexa ao pavillón dos Remedios.

As obras, que consistirán na substitución do pavimento e das bancadas telescópicas e na instalación dun sistema xeral de acondicionamento térmico que favoreza a mellora das condicións para a práctica deportiva, ascenderán a 300.000 euros, dos cales 200.000 serán achegados pola Secretaría Xeral para o Deporte e os 100.000 restantes pola Administración local.

O pavillón dos Remedios é unha instalación municipal de referencia en canto a volume de utilización, cun rexistro de máis de 40.000 accesos mensuais, dentro dos cales a pista é unha das instalacións mais utilizada. Esta actuación que van acometer as administracións autonómica e local na instalación suporá un destacado servizo ao deporte de base de Ourense e dos concellos limítrofes, dado que a pista necesita dunha remodelación integral que facilite a mellora da calidade e seguridade de todos os deportistas que a utilizan.

Esta actuación na pista dos Remedios súmase á recentemente autorizada pola Xunta de Galicia en Ourense e dirixida á construción, neste 2016, dunha pista de atletismo hidráulica cuberta no recinto feiral de Expourense, obras que suporán un investimento da Secretaría Xeral para o Deporte de máis de 2.700.000 euros.

A XUNTA ACTIVA O PROGRAMA PRINCIPIA PARA IMPULSAR A CONTRATACIÓN DE 300 MOZOS INVESTIGADORES EN EMPRESAS GALEGAS

- *O Goberno galego apoiará contratos cunha duración mínima dun ano en empresas e centros de investigación galegos*
- *Os beneficiarios, que desenvolverán o seu traballo de I+D+i en Galicia, deberán ser universitarios menores de 35 anos e non ter experiencia superior aos 12 meses na súa categoría profesional*
- *A iniciativa, á cal se destinan 3 millóns de euros, busca así reforzar a inserción laboral de profesionais moi cualificados no tecido produtivo galego*
- *O programa responde á estratexia de captación e retención de talento da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no marco da cal se activaron os contratos programa cos centros tecnolóxicos e as fundacións sanitarias, as unidades mixtas de investigación e o programa Oportunus*

O Consello da Xunta informou hoxe da activación do programa Principia, que apoiará a contratación de 300 mozos e mozas investigadores por parte de empresas e centros de coñecemento, co fin de favorecer a súa carreira profesional, así como estimular a demanda no sector público e privado de persoal suficientemente preparado para acometer proxectos de I+D+i.

Mediante estes contratos, que deberán ter unha duración dun mínimo dun ano, o Goberno galego busca así abrir unha porta ao mercado laboral aos titulados con pouca experiencia, xa que o programa estará focalizado nos mozos e mozas menores de 35 anos cun ano ou menos de experiencia laboral na súa categoría profesional. Búscase que o programa lles sirva como ancoraxe a un mercado laboral, de forma que sexan contratados polas empresas despois da finalización do programa, evitar a súa marcha a outras comunidades ou países e reforzar a competitividade da investigación e o tecido empresarial galegos.

As axudas, que suman 3 millóns de euros, poderán ser solicitadas ata un máximo de 10 contratos por entidade, por empresas e organismos públicos ou privados de investigación, como universidades, fundacións ou centros tecnolóxicos. O apoio da Xunta será de 10.000 euros por contrato e o custo mínimo anual por cada persoa traballadora contratada, incluídos tanto os custos laborais como os da Seguridade Social a cargo da empresa, será de 24.000 euros.

As axudas concederanse baixo un réxime de concorrência competitiva logo de valorar unha serie de criterios como o tipo de contrato, a titulación da persoa contratada, a experiencia profesional ou a contía do salario, entre outros. Con estes apoios, as actividades que desenvolverán estes 300 mozos e mozas deberán desenvolverse en Galicia e en tarefas relacionadas cos retos e prioridades da Estratexia de

especialización intelixente de Galicia-RIS3, de forma que o seu labor contribúa a impulsar a folla de ruta da innovación galega ata 2020.

No que se refire aos prazos, a convocatoria destas axudas publicarase nos vindeiros días e o prazo para presentar as solicitudes será dun mes a partir da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Unha vez resoltas as axudas, as entidades contratarán o persoal, coa data límite para asinar os contratos do 1 de decembro de 2016.

A Xunta de Galicia continúa así a súa aposta pola captación e retención do mellor talento, como unha das ferramentas principais para aumentar a capacidade innovadora do tecido produtivo galego e con ela a competitividade da Comunidade. Neste senso, a Axencia Galega de Innovación puxo en marcha varios programas cun grande impacto na retención de talento en Galicia.

Así, destacan iniciativas como os contratos programa —que apoian a forza laboral dos centros tecnolóxicos e as fundacións sanitarias—, as unidades mixtas de investigación, ou o programa Oportunus. Refórzase así a capacidade de innovación de Galicia e téndense pontes entre os organismos públicos de investigación e o tecido empresarial.

CULTURA E EDUCACIÓN CONVOCARÁ 9 BOLSAS DE FORMACIÓN NO RAMÓN PIÑEIRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA, LITERARIA, HISTÓRICA E ANTROPOLÓXICA SOBRE O GALEGO

- *Os bolseiros desenvolverán o seu labor neste centro ata o ano 2018, o que supón unha oportunidade para que os titulados das universidades poidan iniciar a súa actividade neste eido*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocará este ano 9 novas bolsas de formación para a investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica sobre a lingua propia de Galicia en proxectos desenvolvidos polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH). O obxectivo é avanzar no coñecemento, normalización e promoción do galego, así como no fomento do seu uso en todos os eidos profesionais, académicos e sociais, ao tempo que se facilita a especialización na formación académica dos titulados universitarios que poderán acceder a estes postos.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a esta convocatoria, á cal se destinarán 213.840 euros, que vai dirixida a titulados universitarios en filoloxías e área de humanidades, con diferentes requirimentos en función de cada un dos proxectos, que poderán consultarse na convocatoria das bolsas. En concreto os proxectos incluídos nesta convocatoria son os de Bibliografía da literatura galega, Fraseoloxía Galega, Corpus de referencia do galego actual, Cantigas de Santa María, Prosa literaria medieval, Terminoloxía científico-técnica, Recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala, Base de datos do ALIR e o proxecto Dicionarios de literatura.

As bolsas concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Para a selección dos bolseiros terase en conta o expediente académico e a realización de cursos, másters de investigación e diplomas de estudos avanzados (DEA) relacionados co obxecto das bolsas, as publicacións, as comunicacións en congresos e mais a realización dunha entrevista persoal. Nesta entrevista valorarase o coñecemento do proxecto de investigación concreto e daqueles medios instrumentais necesarios para o cal presenta a solicitude, a motivación e a iniciativa.

Traxectoria do CRPIH

Unha faceta fundamental do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades é a súa contribución á formación investigadora. Nestes 22 anos pasaron polo CRPIH 445 investigadores/as diferentes: 308 bolseiros/as galegos/as que se formaron participando nos proxectos do Piñeiro e outros/as 137 bolseiros/as dos máis diversos países do mundo que estiveron un semestre desenvolvendo traballos de

investigación propios asesorados polos directores de proxectos semellantes aos seus do centro de investigación que hoxe cumpre dúas décadas. Moitos destes bolseiros son hoxe doutores, profesores universitarios ou docentes no ensino medio e, desde os seus postos actuais, continúan a ofrecer importantes contribucións ao coñecemento sobre a lingua e a literatura galegas.

Actualmente, o Centro Ramón Piñeiro ten en marcha un total de 20 proxectos de investigación. Na área de lingua, avánzase no Corpus de referencia do galego actual (Corga), no Sintetizador de voz para o galego CoToVía, na Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (Bilega), no Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (Codolga) ou na liña de investigación de fraseoloxía galega.

Na área de literatura, hai proxectos orientados á literatura medieval, coma o Arquivo Galicia medieval, e outros dirixidos ao estudo da literatura galega contemporánea, coma o de Bibliografía da literatura galega, o Dicionario xeral de termos literarios, os Informes de literatura, os proxectos de recuperación de narrativa, de poesía ou de revistas dos séculos XIX e XX ou os Cadernos Ramón Piñeiro. Ademais, prodúcense obras de filosofía, de socioloxía, de cine ou de ciencia política.

A XUNTA DE GALICIA APROBA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CON SPECIAL OLYMPICS GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN SOCIAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

- ***Máis de 2.000 persoas se poderán beneficiar de xeito directo deste acordo, no cal a Administración autonómica investirá preto de 190.000 euros***
- ***O convenio prevé a realización de actividades deportivas adaptadas, así como formativas, de ocio e de promoción do voluntariado***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a posta en marcha dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de pais, profesionais e amigos das persoas con discapacidade intelectual (Special Olympics Galicia), para o mantemento e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, así como formativas, de lecer e de promoción do voluntariado durante o ano 2016.

Máis de 2.000 persoas se poderán beneficiar de xeito directo deste acordo, no cal a Xunta de Galicia investirá 189.946 euros e co que se mellorará a calidade de vida das persoas con discapacidade, a través de programas de actividades en diferentes ámbitos: deportivo, lecer, formación, cultura e tamén accións específicas dirixidas ás familias.

As actividades deportivas xirarán ao redor dos xogos autonómicos para persoas con discapacidade intelectual e nelas promoverase a participación das persoas con discapacidade ao tempo que se abrirán á cidadanía en xeral para que se integren nestas actividades. Pola súa banda, e no que atinxe ao programa de actividades de lecer, vanse desenvolver campamentos de verán para persoas con discapacidade intelectual que teñen como obxectivo a socialización e mellorar a calidade de vida. Como actividade transversal está o programa de actividades de formación e divulgación que desde a entidade se realizan cara a promover os dereitos das persoas con discapacidade intelectual e garantir a súa inclusión social.

Deste xeito, a Xunta de Galicia segue a colaborar coas entidades do ámbito da discapacidade promovendo accións que potencien o desenvolvemento persoal das persoas con discapacidade.

Todas as actividades que se levarán a cabo no marco deste convenio de colaboración teñen fins rehabilitadores e terapéuticos para nenos e nenas, mozos e mozas e persoas adultas con discapacidade intelectual. En concreto, a realización de actividades físicas e deportivas por partes destas persoas melloran o seu estado metabólico en xeral, corríxen o déficit do aparello locomotor, axudan a superar a lentitude na resposta

motriz, aseguran as condicións físicas encamiñadas á competición para aumentar a autoestima e reforzar os reflexos provocados polo exercicio, rehabilitan as secuelas de hábitos mecánicos inadecuados e promoven as relacións entre os atletas, facilitando así a súa integración social e o desenvolvemento autónomo na vida social.

A XUNTA DE GALICIA CONCEDE 816 NOVAS LIBRANZAS DE COIDADOS NO CONTORNO FAMILIAR AO ABEIRO DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

- ***Estes novos usuarios sumaranse ás máis de 42.500 persoas que na data actual están sendo atendidas a través do sistema***
- ***A Administración autonómica reitera o seu compromiso de atender 10.000 novos usuarios en 2016***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión de 607 propostas de libranzas de prestación de coidados no contorno familiar que está a promover a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Deste xeito, continúaase a incorporar progresivamente ao Sistema as persoas con dereito recoñecido pendentes de atención. Ademais, a Xunta de Galicia recoñece outras 209 libranzas de coidados no contorno familiar sen que corresponda neste caso o recoñecemento de efectos retroactivos. A concesión destas altas supón o recoñecemento dun importe total de 1.644.641,38 euros.

A través desta medida, a Xunta de Galicia dá resposta a 816 novos usuarios que se veñen a unir aos 2.102 novos usuarios que se recoñeceron nos meses de marzo e abril, e que ata o de agora estaban pendentes de atención a través do Sistema para a autonomía e atención á dependencia. Deste xeito, a Administración autonómica posibilita a atención adecuada ás persoas solicitantes con base nas súas necesidades actuais, así como a súa situación socioeconómica. Pola súa vez, estes novos usuarios sumaranse ás máis de 42.500 persoas que na data actual están sendo atendidas a través do sistema.

Desde o ano 2010, a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolveu un importante esforzo no despregamento dunha rede pública de servizos profesionais, tendo en conta que na data do 30 de marzo de 2016 o 76,86% do total das prestacións recoñecidas o son a través dun servizo profesional. Non obstante, conséntase que existe un gran número de persoas solicitantes que seguen a demandar como modalidade de intervención adecuada a prestación económica de coidados no contorno familiar. Neste senso, faise necesario propiciar a atención adecuada ás persoas solicitantes con base nas súas necesidades actuais, ao mesmo tempo que conxugar o impulso á rede de servizos públicos profesionais co disposto no artigo 29 da Lei 39/2006 que sinala a participación da persoa beneficiaria ou, de ser o seu caso, da súa familia ou entidades tutelares, no establecemento do programa individual de atención no cal se determinarán as modalidades de intervención máis adecuadas ás súas necesidades. Deste xeito, é necesario propiciar a modalidade de intervención adecuada en función das necesidades de atención, así como da súa situación socioeconómica, a través das libranzas de coidados no contorno familiar.

A través de medidas coma esta, a Xunta de Galicia reitera o seu compromiso de continuar incrementando o número de persoas atendidas en 10.000 novos usuarios durante o ano 2016.

A XUNTA APROBA O PLADIGA 2016, QUE MANTÉN O ESFORZO NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE CARA Á TEMPADA DE RISCO ALTO

- *No verán o operativo estará formado por uns 5.700 efectivos da Xunta, reforzados por persoal do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de seguridade do Estado, ata completar máis de 7.000 persoas*
- *Como principais novidades, amplíase a 3 anos a duración do convenio cos concellos para a prevención e defensa e farase unha análise da relación entre usos do territorio e lumes nas parroquias de alta actividade incendiaria, 67 en total*
- *O Consello deu luz verde ao Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as modificacións e actualizacións do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2016) para a súa entrada en vigor antes do inicio da tempada de risco alto de lumes, que coincide co verán.

Este plan, que se aproba unha vez escoitado o Consello Forestal de Galicia, ten como principal obxectivo protexer a riqueza forestal galega da lacra dos incendios. Cómpre lembrar que a inmensa maioría dos nosos montes –ao redor do 98%– está en mans de propietarios particulares, polo que defender este recurso implica protexer o patrimonio dos galegos.

O Pladiga 2016 mantén nos seus aspectos esenciais o dispositivo de loita contra o lume en relación con anos anteriores. O seu principal obxectivo é reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na nosa comunidade, dentro dos recursos dispoñibles. Ademais, incorpora unha serie de obxectivos específicos orientados a diminuír o número de lumes, o seu tamaño e a superficie afectada, tanto arborizada como rasa.

As principais novidades deste plan para o 2016 teñen que ver coa ampliación a 3 anos da duración do convenio entre Medio Rural e as entidades locais para a súa participación na prevención e defensa contra os lumes e pola creación e regulación da figura das agrupacións de defensa contra incendios forestais. Trátase de promover as organizacións de voluntarios e as asociacións relacionadas co medio rural e o medio forestal e a súa implicación na defensa contra os incendios.

O Pladiga 2016 tamén aposta por poñer en marcha o proceso de análise da relación entre usos do territorio e lumes forestais nas parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI) para a definición e concreción das medidas a implantar. En total, para este ano 2016 son 67 as parroquias deste tipo recollidas na planificación.

Outros aspectos incluídos no Pladiga 2016 están relacionados coas obras de adecuación para a homologación das bases de medios aéreos e o mantemento do esforzo de renovación de equipamentos (desde o ano 2013 renováronse un total de 85 camiós de extinción). Ademais, está prevista a posta en marcha dun novo sistema dixital de comunicacións, integrado na Rede Galega de Emerxencias, e a posta en funcionamento do novo programa informático de xestión integral de incendios en tempo real. A maiores, intensificáronse os esforzos no plan de concienciación e divulgación.

Operativo humano e material

No Pladiga 2016 mantense o operativo humano de prevención e extinción, composto por uns 5.700 efectivos da Xunta na tempada de alto risco de lumes, reforzados por persoal do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de seguridade do Estado ata completar un dispositivo de máis de 7.000 efectivos. Ademais, contarase con arredor dunha trintena de medios aéreos –entre os propios da Xunta e os que achega o Estado– e 360 motobombas da Xunta, dos concellos e dos parques de bombeiros, aos cales se engaden cisternas, pas e outros vehículos.

A colaboración con outras administracións mantense tamén e plásmase en diversos convenios de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e coas deputacións provinciais para a implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES); co Ministerio de Defensa, para labores de vixilancia e prevención, e cos concellos, para traballos de prevención e defensa.

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS Á RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E FOMENTO DAS RAZAS GANDEIRAS AUTÓCTONAS

- *O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para asinar 6 diferentes convenios de colaboración con outras tantas asociacións, federacións e entidades relacionadas con estas razas*
- *Mediante estes convenios levaranse a cabo distintas medidas relacionadas coa súa posta en valor, mellora xenética ou promoción*

A Xunta destinará algo máis de 3 millóns de euros para a recuperación, conservación e fomento das razas gandeiras autóctonas galegas. Estas achegas están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. O Consello do Goberno galego autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural para asinar 6 diferentes convenios de colaboración con outras tantas asociacións, federacións e entidades relacionadas coas razas autóctonas de gando de Galicia para levar a cabo distintas medidas relacionadas coa súa posta en valor, mellora xenética ou promoción.

Medio Rural asinará coa Asociación Nacional de Criadores da Raza Rubia Galega (Acruga) un convenio de colaboración para realizar un programa de consolidación e diversificación xenética desta raza, por un importe total de 620.000 euros para o período 2016-2019.

Tamén colaborará coa Asociación Pura Raza Cabalo Galego para continuar coa posta en valor das aptitudes desta raza en actividades deportivas, de exposición e lecer, por un importe de 240.000 euros. Ademais, asinarase outro convenio coa Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga) para a conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zootécnicos desta raza equina e o fomento e promoción dos seus produtos derivados, por un importe 267.200 euros.

Outro dos documentos de colaboración subscribirase coa Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (Asoporcel) para a execución das actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina Porco Celta, por un importe de 360.000 euros.

Por outra banda, asinarase un acordo coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga) para a conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zootécnicos das razas bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción, da ovella galega, da cabra galega, da galiña de Mos e dos seus produtos derivados, por un importe de 1.240.000 euros.

Por último, Medio Rural colaborará co Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde) para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación dos recursos zootécnicos das razas ovella galega, cabra galega e porco celta, por un importe de 280.000 euros.

A XUNTA IMPULSA A CREACIÓN DE SEIS NOVOS VIVEIROS INDUSTRIAIS E MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS DE 46 PARQUES EMPRESARIAIS GALEGOS

- *Economía, Emprego e Industria apoia aos concellos galegos con preto de 5 millóns de euros para o desenvolvemento destas medidas que permiten atraer investimentos ao tempo que fomentan o emprendemento no sector industrial*
- *Cerceda, Vilanova de Arousa, Cambados, Boiro, Outeiro de Rei e Friol acollerán as instalacións para novas empresas, que ademais de acceder ao espazo a prezos vantaxosos recibirán asesoramento especializado*
- *Preto do 47% dos proxectos de mellora nos parques se centra nas vías de acceso, e tamén se poñerán en marcha iniciativas de aforro e eficiencia enerxética, novas plantas de depuración de augas, sistemas de xestión de residuos ou de seguridade*
- *Con estas novas actuacións, levaranse realizado desde 2009 un total de 350 proxectos que inciden na mellora competitiva do tecido produtivo galego e na creación de riqueza e emprego na Comunidade*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria aprobou apoios por preto de 5 millóns de euros para os concellos galegos cos cales se desenvolverán melloras en 46 parques empresariais e se crearán seis novos viveiros industriais en polígonos de Cerceda, Vilanova de Arousa, Cambados, Boiro, Outeiro de Rei e Friol, contribuíndo así á atracción de investimentos cara aos municipios ao tempo que se fomenta o emprendemento no sector industrial galego.

Por unha banda, mediante a convocatoria de axudas para a habilitación e mellora de infraestruturas, concédense apoios por preto de 4 millóns de euros cos que se impulsarán 58 proxectos en 46 parques empresariais galegos. Mellórase así o servizo que se presta ás compañías xa instaladas ao tempo que se impulsa a chegada de novas iniciativas con capacidade para xerar riqueza e emprego.

Preto do 47% dos proxectos apoiados mediante esta liña se centra nas vías de acceso. Ademais, con esta convocatoria, que prevé axudas do 80% do custo subvencionable e que se incrementan ata un 95% no caso de agrupacións ou fusións de concellos, tamén se desenvolverán actuacións orientadas á dotación de servizos centralizados de xeración e subministración de enerxía de cara ao aforro e a eficiencia no gasto enerxético, novas plantas de depuración de augas, xestión de residuos e instalacións de sistemas de seguridade e vixilancia.

Tras a finalización dos traballos teranse realizado a través deste programa 350 proxectos nos parques desde o 2009, contribuíndo así á calidade do solo industrial galego e mellorando as infraestruturas de apoio ao tecido empresarial da Comunidade.

Por outra banda, mediante a convocatoria para a creación de viveiros industriais nos polígonos galegos, que se pon en marcha por primeira vez, os concellos de Cerceda, Vilanova de Arousa, Cambados, Boiro, Outeiro de Rei e Friol obtiveron axudas que suman un total de un millón de euros para habilitar estes novos espazos que se poñerán á disposición dos emprendedores do sector industrial a prezos moi vantaxosos e por un prazo de ata 24 meses. Facilítanse así as condicións e os servizos precisos para a implantación inicial e a consolidación das empresas, que disporán ao mesmo tempo de asesoramento especializado.

A aposta polos viveiros industriais enmárcase no compromiso do Goberno galego co emprendemento, cunha estratexia integral na cal se inclúen programas de aceleración como Via Galicia, da man de Zona Franca; Galicia Open Future, xunto con Telefónica; o programa Agrobiotech ou a rede de aceleradoras coa Escola de Organización Industrial (EOI).

Ademais, os dous programas de apoio dos cales se informou hoxe no Consello da Xunta encádranse na Axenda da competitividade Galicia – Industria 4.0, que busca incrementar o peso da industria no PIB da Comunidade en 6,9 puntos ata acadar o 20% no ano 2020, creando 50.000 novos empregos de calidade durante este período.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE VAI POÑER EN MARCHA UN PLAN DE ICTUS PARA ACHEGAR A MELLOR ASISTENCIA A TODA GALICIA

- *O obxectivo desta iniciativa é a redución do tempo de atención e asistencia entre o inicio do ictus, a confirmación diagnóstica e o comezo dun tratamento especializado*
- *Está previsto que entre en funcionamento na segunda quincena do mes de xuño*
- *Sanidade fará unha campaña de difusión para informar a poboación dos síntomas de ictus, co fin de incrementar o coñecemento da cidadanía e facilitar a súa pronta detección*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou, na reunión semanal do Consello da Xunta, do inicio dun Plan de ictus que o Servizo Galego de Saúde vai poñer en marcha co obxecto de posibilitar unha rápida identificación, notificación e traslado do paciente, previamente diagnosticado dun ictus agudo, ao hospital de referencia máis próximo. O obxectivo desta iniciativa é a redución do tempo de atención e asistencia entre o inicio do ictus, a confirmación diagnóstica e o comezo dun tratamento especializado. Este programa de videoconferencia xa se pilotou entre os hospitais comarcais do Salnés (Vilagarcía) e Barbanza (Ribeira) e o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, con elevados niveis de calidade.

O plan está previsto que entre en funcionamento na segunda quincena do mes de xuño para toda Galicia, logo de proceder á instalación de todo o equipamento nos servizos de urxencia hospitalarios e despois de rematar a correspondente formación presencial nos ditos servizos.

Sanidade ten previsto facer unha campaña de difusión para a poboación de todos os síntomas de ictus, para incrementar o coñecemento da cidadanía e facilitar a súa pronta detección.

Protocolo

Cando unha persoa sufra algún dos síntomas de ictus, que podemos resumir como os 3 f (fala, forza, faciana), deberá chamar ben el ou ben algún acompañante ao 061. Nese momento, o médico da central deste organismo confirmará a existencia do ictus no paciente a través do protocolo específico. De confirmarse, o médico activará un código ictus e unha ambulancia recollerá o paciente para o seu traslado ao hospital máis próximo mentres o médico da central do 061 avisa da chegada deste paciente. Unha vez chegue ao hospital, o paciente terá acceso prioritario ao Servizo de Radioloxía do centro, onde se lle fará un TAC cranial de diagnóstico.

Os médicos de urxencias contactarán co Centro de Atención ao Ictus, que estará dispoñible as 24 horas do día, os 365 días do ano. Naqueles casos que, polas súas características, sexan susceptibles de fibrinolise (recanalización vascular) esta medicación será administrada no propio servizo de urxencias.

A través de videoconferencia co neurólogo do Centro de Atención ao Ictus, este poderá examinar a persoa mediante unha cámara web de alta resolución, interrogar ao paciente e interpretar o TAC que se lle realizou. Logo desta avaliación, o neurólogo da central decidirá se o paciente é candidato de ser trasladado a un hospital cunha unidade de ictus para a realización dunha trombectomía. Estes hospitais que teñen unidade de ictus son 3 (os da Coruña, Santiago e Vigo). O traslado farase no menor tempo posible e, unha vez chegado ao hospital, realizarase un tratamento de neuroloxía intervencionista consistente en recanalizar a obstrución que está producindo o ictus.

En consecuencia, grazas á posta en marcha deste plan, o Servizo Galego de Saúde diminuírá o tempo entre o inicio dos síntomas compatibles cun ictus agudo e a chegada ao hospital, reducirá a demora na confirmación diagnóstica e a filiación do ictus, adecuará o procedemento terapéutico ás necesidades específicas asistenciais do paciente e coordinará a actuación entre os distintos profesionais. Todo co obxectivo de diminuír a mortalidade das persoas que sofren un ictus isquémico en Galicia.

O PLAN DE XORDEIRA NEONATAL 2002-2015 REVISOU MÁIS DE 244.290 NEONATOS DE TODA GALICIA

- *Esta cifra representa unha participación de máis do 99 % de todas e todos os cativos nados nos hospitais do Servizo Galego de Saúde e maternidades privadas*
- *Detectáronse un total de 237 nenos con hipoacusia nas sete unidades de diagnóstico*
- *71 nenos diagnosticados polo programa accederon de xeito gratuíto aos audífonos, grazas ao convenio de colaboración asinado en 2012 entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou no Consello da Xunta dos resultados do Plan de Xordeira Neonatal 2002-2015, no marco do cal se revisaron a un total de 244.293 nenas e nenos acabados de nacer. Esta cifra representa unha participación de máis do 99 % de todas e todos os cativos nados nos hospitais do Servizo Galego de Saúde e maternidades privadas.

De todos os nenos participantes no programa, 1.789 necesitaron ser derivados ás unidades de diagnóstico para realizarlles probas complementarias. Desde a implantación do programa e ata decembro de 2015, detectáronse un total de 237 nenos con hipoacusia nas sete unidades de diagnóstico do programa. No momento actual, cinco nenos nados no 2015 están aínda pendentes de confirmación diagnóstica. A taxa de detección no período 2002-2015 é de aproximadamente 1 por cada mil nenos cribados.

Obxectivos do programa

O programa de detección precoz ten por obxectivo acadar unha participación de máis do 99% dos nenos e nenas acabados de nacer. Tras a realización da proba de cribaxe, aqueles nenos que non a superan satisfactoriamente (isto pode ser debido á presenza de hipoacusia ou a outros factores temporais como a inmadurez do sistema auditivo do neonato), son derivados ás unidades de diagnóstico e tratamento dos hospitais da rede pública de Galicia co fin de confirmar ou descartar a presenza de hipoacusia.

O test de cribaxe realízase con carácter universal e gratuíto, mantendo o principio de equidade; realízano profesionais especializados e o programa está apoiado nun sistema que garante a súa calidade.

Tras o diagnóstico definitivo, e antes dos 6 meses de idade, os nenos deben iniciar un tratamento ben médico-cirúrxico ou de rehabilitación protésica e foniátrica axeitada segundo cada caso individual, co fin de conseguir o máximo beneficio da detección precoz.

Importante convenio coa USC

A Consellería de Sanidade e a USC (concretamente a Unidade de Audioloxía da Escola Universitaria de Óptica e Optometría) asinaron en maio de 2012 un convenio de colaboración para a prestación de apoio técnico para o desenvolvemento das actividades relacionadas coa adaptación protésica e seguimento audiolóxico dos nenos diagnosticados polo programa.

Na data de hoxe, 71 nenos diagnosticados polo programa están sendo beneficiados por este acordo de colaboración, o que significa que accederon de xeito gratuíto aos audífonos que precisaban e que se lles garantiu a súa correcta adaptación e seguimento para obter o máximo beneficio que pode proporcionarlles o feito de ter participado no programa.

Un dos piares básicos no tratamento dos nenos diagnosticados polo programa é unha correcta indicación e adaptación inicial das próteses auditivas e un correcto seguimento e control da calidade desta adaptación.

O obxecto do convenio e os aspectos en que se concreta son: a definición dun protocolo óptimo de adaptación protésica nos nenos diagnosticados polo programa coa selección, adquisición e pre-programación de audífonos, a realización do seguimento e control periódico desta adaptación, o establecemento de indicadores de evolución do neno/a, o asesoramento continuo a pais/nais e logopedas, a elaboración dunha guía de colaboración interprofesional e a xestión dun banco de audífonos da Comunidade Autónoma.